



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

meteogalicia

*Informe climatolóxico verán 2017*

---

# INFORME CLIMATOLÓXICO VERÁN 2017



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO VERÁN 2017 EN GALICIA.....</b>	<b>3</b>
<b>2.1.</b>	<b>Temperatura.....</b>	<b>3</b>
<b>2.2.</b>	<b>Precipitación.....</b>	<b>9</b>
<b>3</b>	<b>EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.....</b>	<b>13</b>
<b>3.1.</b>	<b>Temperatura.....</b>	<b>13</b>
<b>3.2.</b>	<b>Precipitación.....</b>	<b>16</b>

**Data edición: 14/09/2017**



## Verán seco e moi cálido.

### 1 INTRODUCCIÓN

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de verán (xuño de 2017 a agosto de 2017). Así, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1981-2010.

As anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar a estación en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste verán e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada na verán respecto do valor da media climática correspondente.

## **2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO VERÁN 2017 EN GALICIA.**

### **2.1. Temperatura**

O verán de 2017 (balance dos meses de xuño, xullo e agosto) foi moi cálido, cunha anomalía positiva na temperatura media de 0.9 °C. Tanto as temperaturas máximas como as mínimas estiveron por riba dos valores medios, resultando a estación de verán moi cálida tamén para estas variables.

O verán comezou cun mes de xuño moi cálido, considerando os valores da temperatura media, debido á persistencia das altas presións que aportaron gran estabilidade e o achegamento de masas de aire cálido do norte de África, dando lugar a temperaturas moi elevadas. Especialmente cálido foi o episodio de calor do 16 ao 21 do mes. A elevada anomalía na temperatura que xerou este evento foi atenuada parcialmente nos derradeiros días do mes. As máximas foron máis baixas na Mariña Lucense e Ortigueira, mentres que os valores máis elevados acadáronse nas comarcas limítrofes cos ríos Miño e Sil e na comarca de Verín, onde o valor medio de temperatura máxima estivo moi preto dos 30 °C. As mínimas presentaron os valores máis baixos na comarca da Limia e os máis altos nas comarcas de Vigo, Baixo Miño e gran parte da Comarca de Valdeorras. As anomalías de temperatura foron positivas en toda a comunidade, chegando a valores de case +4 °C, en localidades do leste da Comunidade. A anomalía de temperatura media para 11 estacións que compoñen a serie rexional foi de +1.61 °C.

Os cambios bruscos na temperatura caracterizaron o mes de xullo. O aire frío situado no Atlántico norte achegouse por momentos á Comunidade deixando xornadas de inestabilidade. Os episodios de calor extremo nos primeiros días do mes e entre o 16 e o 18, fixeron que a temperatura mostrase unha lixeira tendencia cara ás anomalías positivas. Novamente, os valores máis baixos e máis altos de temperatura máxima rexistráronse nas mesmas zonas que no mes de xuño. Así, superáronse os 30 °C nas comarcas limítrofes co Miño e o Sil e Verín. As temperaturas mínimas máis baixas déronse novamente na Limia, mentres que a comarca de Vigo volveu a rexistrar as mínimas máis altas de Galicia. As anomalías negativas rexistráronse nas comarca de Fisterra e na dorsal galega mentres que, no interior da provincia de Lugo e puntos do leste da provincia de Ourense, os valores estiveron máis de 1.5 °C por enriba do normal nun mes de xullo. A anomalía de temperatura

media neste mes foi de +0.62 °C, considerándose por tanto o conxunto de Galicia como cálido.

O verán remata cun mes de agosto caracterizado pola gran variabilidade nas situacións meteorolóxicas, destacando a situación de gran inestabilidade atmosférica que se deu nas derradeiras xornadas do mes. Novamente, a Mariña Lucense e Ortegal rexistraron as máximas máis baixas xunto con Cabeza de Manzaneda este mes. As máximas máis elevadas nesta ocasión déronse no Miño ourensá, con máis de 33°C. En canto ás mínimas, a comarca da Limia volveu rexistrar os valores máis baixos e Vigo volveu rexistrar as mínimas máis altas da Comunidade. As temperaturas estiveron en xeral algo por riba da media climática neste mes, aínda que a anomalía non foi moi alta e temos lugares nos que esa temperatura achegouse a media ou mesmo estivo por debaixo. Isto é así porque, salvando períodos concretos como a situación entre o 19 e o 22, a configuración sinóptica non propiciou a chegada de aire cálido procedente do sur da península Ibérica ou do norte de África. Así, na Comunidade existe un gran contraste entre as zonas máis cálidas do normal (principalmente, a comarca do Carballiño) e zonas que presentaron anomalías negativas (Bergantiños e a Costa da Morte). A anomalía na temperatura media para o conxunto da Comunidade foi de +0.41 °C, considerándose o mes como cálido.



Nas táboas 1 e 2 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de verán de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. O día 21 de Agosto deixou en moitas localidades a baixas altitudes valores que superaron os 35 °C pero destaca tamén o episodio do 16 ao 18 de xuño no que se acadaron temperaturas extremas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2017 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/08/2017	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	42.0
20/08/2017	Remuíño	Arnoia	Ourense	41.9
21/08/2017	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	41.4
21/08/2017	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.9
21/08/2017	Ourense	Ourense	Ourense	40.9
20/08/2017	Areas	Tui	Pontevedra	40.9
18/06/2017	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	40.9
21/08/2017	As Petarelas	Rubiá	Ourense	40.5
17/06/2017	Ourense	Ourense	Ourense	40.1
17/06/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	40.0

**Táboa 1:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2017 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/06/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	36.0
21/08/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	34.6
21/08/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	34.4
18/06/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	33.6
21/08/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	33.5
21/08/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	33.2
21/08/2017	Xurés	Muiños	Ourense	32.4
17/06/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	32.1
21/08/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	31.4
21/08/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	31.3

**Táboa 2:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán de 2017 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade no verán de 2017 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, destacan 3 días nos que se acadaron as mínimas máis baixas: o 5 de xuño, o 1 de xullo e o 10 de agosto, no que se produciron xeadas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2017 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/07/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.0
01/07/2017	Xares	A Veiga	Ourense	0.1
01/07/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	0.7
30/06/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.1
10/08/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	1.6
21/07/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	2.3
10/08/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.6
01/07/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.0
01/07/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	3.0
10/08/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	4.0


**Táboa 3:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán de 2017 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2017 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/08/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-1.6
10/08/2017	Baltar	Baltar	Ourense	0.3
10/08/2017	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	1.1
07/06/2017	Lanzós	Vilalba	Lugo	1.4
10/08/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	2.4
05/06/2017	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	2.9
05/06/2017	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	3.1
10/08/2017	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	3.5
05/06/2017	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	3.7
11/08/2017	Castro De Rei	Castro de Rei	Lugo	4.0

**Táboa 4:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán de 2017 a altitude inferior a 1000m.




Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o verán de 2017. Nas zonas da alta montaña ourensá, como Cabeza de Manzaneda e na serra do Xistral, acadáronse os valores máis baixos de temperatura, con valores próximos a 14°C. Nas zonas baixas dos vales do Miño ourensá e do Sil obsérvanse os valores máis altos de temperatura, chegando nalgunhas localidades a superar os 21°C.



**Figura 1:** Temperatura media no verán 2017



Na figura 2 pódese ver para este verán o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dun verán moi cálido, cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de +1.0 °C. Os rexistros máis altos de anomalía de temperatura acadáronse principalmente nas comarcas de Lugo e Verín con valores de case +2 °C de anomalía positiva. Os máis baixos na Costa da Morte, con valores preto aos normais (anomalía negativa de -0.5°C).



**Figura 2:** Mapa de anomalías da temperatura media no verán 2017

## **2.2. Precipitación**

En conxunto, pódese cualificar este verán como seco, cun 27% de precipitacións por debaixo do valor climático agardado. As chuvias máis relevantes tiveron lugar en zonas moi localizadas e de intensidade entre forte e torrencial, asociadas a tormentas e que non conseguiron compensar a escaseza de precipitacións noutras zonas.

O mes de xuño resultou normal en canto á precipitación acumulada, debido a que as chuvias esperadas nun mes de xuño non son moi elevadas. As precipitacións rexistradas máis relevantes ocorreron nos últimos 4 días do mes e se sumamos algúns eventos tormentosos que tiveron lugar a principios e mediados de mes, os valores de precipitación tendo en conta o totalidade da Comunidade, mesmo foron quen de superar os valores normais do período de referencia 1981-2010. Así, os valores máis altos rexistráronse na montaña lucense (principalmente nas comarcas dos Ancares e O Courel) e os máis baixos en Verín, que apenas rexistrou 5 L/m<sup>2</sup>.

No mes de xullo as chuvias foron moi inferiores para o esperado nesta época do ano. Déronse situacións de chuvias moi febles que fixeron que o número de días de chuvia acadase valores normais, pero cunha cantidade de precipitación moi escasa. O evento máis destacable corresponde ás treboadas rexistradas no sur da Comunidade nas xornadas do 6 e o 7 de xullo, que deixaron acumulados de precipitación moi por enriba do normal, principalmente na Baixa Limia e Terra de Celanova. Valores que contrastaron cos rexistrados nas comarcas de Valdeorras e Viana, onde a precipitación acumulada foi practicamente nula. Así, a porcentaxe de precipitación con respecto ao valor climático normal foi dun 42 % por debaixo do normal, considerándose en conxunto un mes seco.

Agosto presentou situacións meteorolóxicas moi variables, na que destaca a situación de DANA (Depresión Aillada en Niveis Altos) ou “gota fría” que conleva un tempo moi inestable e que en Galicia provocou entre o 27 e o 29 de agosto moitos eventos de chuvia convectiva con presenza de sarabia e pedrazo. Foi esta depresión a que marcou a precipitación acumulada en todo o mes, xa que houbo chuvias por momentos de carácter torrencial nalgúns puntos, suficientes para que neles o mes poida ser considerado húmido ou mesmo moi húmido. Os valores máis altos, ao igual que en xullo, tiveron lugar novamente no sur da Comunidade, aínda que neste caso tamén víronse afectadas as comarcas do Ribeiro e Carballiño. Noutra banda están as comarcas de Vigo, O Condado e O Baixo Miño



que non sufriron os efectos desta DANA e rexistraron moi pouca precipitación para a época do ano (con ata un 87% por debaixo do normal). A anomalía para a serie rexional galega no mes de agosto foi dun 20% por debaixo do normal. Isto fai que o mes se poida considerar lixeiramente seco.

Na táboa 5 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados neste verán de 2017.

Precipitación máxima estacional no verán 2017			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Burela	Burela	Lugo	211
Labrada	Abadín	Lugo	196
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	185
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	177
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	173
Fragavella	Abadín	Lugo	169
Borreiros	Viveiro	Lugo	154
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	140
Muralla	Lousame	A Coruña	140
Marco da Curra	Monfero	A Coruña	139

**Táboa 5:** Valores máximos de precipitación acumulada no verán de 2017.


Na táboa 6 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional no verán 2017			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	34
Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	35
Riós	Riós	Ourense	35
Cangas-Porto	Cangas de Morrazo	Pontevedra	36
Coruña-Dique	A Coruña	A Coruña	37
Verín-Vilela	Verín	Ourense	37
Vigo	Vigo	Pontevedra	37
Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	39
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Pontevedra	39
Lira	Carnota	A Coruña	40

**Táboa 6:** Valores mínimos de precipitación acumulada no verán de 2017




Na figura 3 móstrase a precipitación total acumulada no verán de 2017. Os valores máis altos rexistráronse principalmente nas comarcas de Ortegal e a Mariña Lucense onde, en Burela, acadáronse 211 L/m<sup>2</sup>. Pero cabe destacar tamén a rexión de Celanova – Limia onde os rexistros de precipitación foron en moitos casos superiores aos 100 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas comarcas de Verín e Viana e en moitas zonas do litoral atlántico, destacando a península do Morrazo e as Rías de Arousa e Vigo, onde non se chegou aos 40 L/m<sup>2</sup> nalgúns casos. O valor medio de precipitación para o conxunto de Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 92 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 3:** Mapa de precipitación acumulada no verán de 2017.

Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1981-2010), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. As zonas con menor precipitación respecto ao valor climatolóxico sitúanse na Costa da Morte onde se rexistrou un 30 % menos de precipitación. Pola contra, no interior da provincia de Ourense, pero principalmente na Terra de Celanova, os rexistros do verán estiveron por riba dos valores normais (ata un 120% por riba do normal). Considerando os valores do mapa da figura 4, o valor medio de anomalía de chuvia para Galicia estivo un 29% por debaixo da precipitación normal para a estación de verán.



**Figura 4:** Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no verán de 2017.

### 3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.

#### 3.1. Temperatura

A temperatura media de verán para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de +1.2 °C con respecto ao período climático de referencia 1971-2000 e de 0.9 °C con respecto ao 1981-2010. Como resultado disto tratouse dun verán moi cálido tendo como referencia o período 1981-2010 segundo a táboa 0.1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media verán(°C)		
2017	1971-2000	1981-2010
20.0	18.8	19.1

**Táboa 7:** Comparación entre a temperatura media en verán e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media no verán de 2017 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2017	1971-2000	1981-2010
xuño	19.3	17.1	17.7
xullo	20.3	19.6	19.5
agosto	20.3	19.6	19.7

**Táboa 8:** Comparación entre a temperatura media mensual do verán 2017 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, o mes de xuño foi moi cálido, xullo cálido e agosto lixeiramente cálido.

Na táboa 9 pódese observar a temperatura media das máximas na estación de verán e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series, as máximas deste verán poden cualificarse como moi cálidas.





Temperatura media das máximas en verán(°C)		
2017	1971-2000	1981-2010
26.2	24.6	25.0

**Táboa 9:** Comparación entre a temperatura máxima media en verán e a media climática galega.

Mensualmente, xuño resultou moi cálido, xullo e agosto cálidos con respecto ao período 1981-2010.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2017	1971-2000	1981-2010
xuño	25.3	22.8	23.4
xullo	26.4	25.5	25.6
agosto	26.8	25.7	26.0

**Táboa 10:** Comparación entre a temperatura máxima media mensual do verán de 2017 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, o verán pódese considerar tamén moi cálido, cunha anomalía de 0.6 °C con respecto ao período de referencia 1981-2010.

Temperatura media das mínimas en verán(°C)		
2017	1971-2000	1981-2010
13.8	12.9	13.2

**Táboa 11:** Comparación entre a temperatura mínima media en verán e a media climática galega.


A escala mensual, xuño resultou moi cálido, xullo cálido e agosto normal, con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2017	1971-2000	1981-2010
xuño	13.3	11.5	12.0
xullo	14.2	13.6	13.8
agosto	13.8	13.5	13.8

**Táboa 12:** Comparación entre a temperatura mínima media mensual do verán de 2017 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.




Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media dos veráns dende o ano 1961 ao ano 2017.



**Figura 5:** Evolución da temperatura media no verán para a serie rexional galega.

A temperatura media do verán acadou un valor de 20.0 °C. A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.88 °C, o que fai que, segundo os criterios da táboa 0.1, poida considerarse como un verán moi cálido. Obsérvase que o 2016 foi lixeiramente máis cálido, pero nos últimos 3 anos as anomalías de temperatura media foron moi similares. Estas anomalías positivas reflíctense tamén tanto nas máximas como nas mínimas, que tamén resultaron moi cálidas para o verán, aínda que non foi así considerando meses individuais.



**Figura 6:** Evolución da anomalía da temperatura no verán no período 1961-2017.

### 3.2. Precipitación

Na táboa 13 móstranse os valores medios de precipitación acumulada no verán de 2017, ademais dos valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (mm)		
2017	1971-2000	1981-2010
82	121	123

**Táboa 13:** Comparación entre a precipitación acumulada no verán 2017 e os valores climáticos.


A porcentaxe de precipitación neste verán foi un 32% inferior con respecto ao período de referencia 1971-2000 e un 27% inferior con respecto ao período de referencia 1981-2010. Segundo os criterios da táboa 0.2, considérase un verán moi seco con respecto ao último período.

O estudo mensual da precipitación acumulada neste verán (táboa 15) mostra que xuño foi normal, xullo seco e agosto lixeiramente seco.

Precipitación acumulada por mes(°C)			
Mes	2017	1971-2000	1981-2010
xuño	41	53	51
xullo	16	32	34
agosto	25	37	38

**Táboa 14:** Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de verán e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nos veráns desde o ano 1961 ao 2017.



**Figura 7:** Precipitación acumulada no verán para a serie rexional galega.

Na figura 8 móstranse as anomalías de precipitación en verán, xunto coa media móbil de 5 anos. A chuva media para as dezaseis estacións que compoñen a serie rexional foi de 82 L/m<sup>2</sup>. A anomalía media das precipitacións para este verán en Galicia foi un 27 % inferior ao valor normal, o que fai que poida considerarse como un verán seco, no limiar de moi seco (percentil 80%), nos tres últimos anos da serie os veráns foron segundo a táboa 0.2 moi secos.




Figura 7: Evolución da anomalía de precipitación no verán no período 1961-2017.

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Xunta de Galicia